

**Departamento de Filosofía**

IES Vilanova de Arousa – Curso 2019-20

**PSICOLOXÍA 2º BACHARELATO**
**UNIDADE 3 – EXAME CONTIDOS TEÓRICOS (c) – PÁXINA 41**
**Instrucións:**

Deberás relacionar os síntomas e desordes psicolóxicos cos termos correspondentes, sinalando nos recadros que letra vai unida a cada un dos 15 números. Cada relación completa acertada: 0,10 puntos.

NOTA MÁXIMA TOTAL: 1,5 PUNTOS

**NOME, APELIDOS E CURSO:**
**Tempo estimado de execución**

45 minutos

1. Alteración do pensamento caracterizada por unha deformación completa da realidade: ideas delirantes, despersonalización, alucinacións sen base sensorial, ambivalencia afectiva, repetición sen sentido de certos movementos, etc.	a) Delirio de grandeza.
2. Dificultade na aprendizaxe da lingua en nenos maiores de sete anos sen deficiencias sensoriais ou lesións neurolóxicas.	b) Delirium tremens.
3. Individuo incapaz de experimentar ansiedade ou sentimentos de remordemento e/ou culpa.	c) Depresión.
4. Trastorno que se caracteriza por enganos ilusorios (delirios de grandeza) e por ideas de persecución imaxinarias.	d) Dislexia.
5. Trastorno afectivo caracterizado por tristeza, pranto, perda de enerxía, desilusión, desánimo, sentimentos de desvalorización e alteracións do sono e do desexo sexual.	e) Enurese.
6. Rexeitamento contundente a manter o peso corporal por riba do valor mínimo normal. Medo intenso a gañar peso ou engordar.	f) Esquizofrenia.
7. Ideas, pensamentos ou imaxes, persistentes e absurdos, non vividos como voluntarios, senón como ideas que invaden a conciencia.	g) Obsesións.
8. Estado emocional caracterizado por reaccións de medo e aprensión anticipatoria de perigo ou ameaza, acompañados de activación do sistema nervioso autónomo.	h) Paidofilia.
9. Aparece en alcohólicos durante o síndrome de abstinencia. Caracterízase por axitación motora, desorientación, medo intenso, alucinacións.	i) Paranoia.
10. Necesidade de consumir grandes cantidades de comida. A persoa vese invadida por sentimentos de culpa e mitiga os efectos producíndose vómitos.	j) Psicópata.
10. Exaxerada valoración da importancia, o poder, o coñecemento ou a identidade persoais.	k) Sadismo.
12. Mexarse na cama.	l) Alucinación.
13. Condutas e fantasías que implican a actividade sexual dun adulto cun neno.	m) Anorexia nerviosa.
14. Prodúcese en ausencia dun estímulo apropiado á experiencia que a persoa ten.	n) Ansiedade.
15. Necesidade de infrinxir dano a outra persoa para excitarse sexualmente.	o) Bulimia.

NÚMERO	LETRA	NÚMERO	LETRA	NÚMERO	LETRA
1		6		11	
2		7		12	
3		8		13	
4		9		14	
5		10		15	